

AVÓ, POR QUE SE CELEBRA O DÍA DO LIBRO?



Alberte era un neno ao que lle gustaba pasar moito tempo co seu avó.

Pola noite, antes de durmir, ía e deitábase un pouco con el na cama, para que o avó lle contara contos. Non eran

contos deses que podes mercar nas librarías, non, nin dos que se escoitan na clase que conta a mestra., senon que eran contos que saían da boca do avó, como se se foran facendo polo día, e saíran da súa boca pola noite, xusto cando estaba abrazadiño a el.

Uns días, o avó faláballe das meigas, outras veces das árbores, outras da curuxa e, outras veces, contáballe a que xogaba el de pequeno.

Alberte quedaba durmido escoitando ao avó e seu pai tiña que collelo, así durmidiño, nun brazado e metelo na súa cama.

Os contos que máis lle gustaban eran os das aventuras que lle contaba o avó de cando el tiña a súa idade. Dícialle:

- Alberte, cando eu tiña a túa idade, tiña que levar o leite a outra aldea veciña antes de ir á escola. Nós non tiñamos xoguetes na casa e tampouco as libretas que ti utilizas no colexio; tiñamos que escribir nunha pizarriña pequena cun xiz, como os que tedes na vosa clase. Cada vez que empezabamos algo novo, tiñamos que borrarla para poder utilizala de novo.

Alberte quedaba pampo escoitando. Non podía imaxinar a vida sen tele, sen teléfono móbil, sen xoguetes, sen libros...

- Pois, a verdade, que unha vida sen libros sería estupenda, avó, así xa non tiña que ler nin estudar todo o que a miña mestra nos manda! Teño que traer cada día un montón deles para traballar! Así xa non facía nada, pois a min gústame máis xogar e troulear pola casa!

Pero o avó respondeulle:

- Meu neno, non digas iso! Ti non sabes a sorte que tes de ter tantos libros na túa casa! Os libros son os mellores amigos! Cando estás aburrido, permítenche vivir un montón de aventuras; cando estás triste, axúdanche a buscar unha solución; cando non sabes unha cousa, permítenche aprendela e, ademáis, a xente que descubriu algo, foi grazas aos libros, pois escribiron os seus descubrimentos neles.

- Non sei, avó, os libros parécenme un rolo- dixo Alberte convencido.

O avó continuou contándolle por que os libros eran importantes:

- A ver, Alberte, ti pensa, como poideron aprender os médicos a curarnos cando estamos maliños? Como pensas que se inventou a tele que tanto che gusta? Como aprenderon a facer esas películas que vemos xuntos cada vez que podemos? E os xoguetes? Todo iso foi inventado grazas a os libros! Todo está nos libros!!!!

- Avoíño, a verdade e que eu nunca o vin así. Pero ti que sabes de todo, axudácheme a entendelo mellor. Non vou estropear os libros nunca máis e, estou pensando que, todo o que me contas, vouno escribir nunha libreta

para que cando sexa máis grande, poida facer un libro. Sabes como se vai chamar?

- Non sei, Albertiño- dixo o avó.

- Pois chamarase: "Os contos que me contaba o meu avó"

O avó, non dixo nada. Penso que os seus ollos quedaron humedecidos polas bágoas, pero Alberte non se deu conta... Xa estaba durmido...

Autora: Mari Carmen Ogaza